




Dezasete anos de Rotas pola Provincia "A Coruña a pé", dan para percorrer 154 lugares distintos da xeografía galega, para movlizar mais de 10.500 persoas, para facer moitos amigos, para apreciar a beleza do noso país, para concenciar do respecto e coidado do noso entorno.



En fin, un programa do que todo son virtudes e que este ano fal novas propostas variadas, que nos conducirán por terras de Ourense, A Coruña, Lugo e Pontevedra bordeando a Raia Portuguesa polas terras do Miño.




Como sempre algo, o programa de Rotas que organizamos para veciños/as de Culleredo non ten contraindicacións, sendo apto para persoas de todas as idades, crenzas e especialmente indicado contra todos os males da nosa sociedade actual.



Propoñemos unha alternativa á TV, ao fútbol, ás discotecas, que é coñecer o patrimonio histórico e natural do noso país, respirar aire puro, gozar da chuvia, facer amizades.



Faremos finalmente un esforzo sobradamente recompensado, ano a ano, polo interese que amosan os veciños, que en número maior cada ano fan con nós CAMIÑO AO ANDAR.



Asdo: Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura



OS CAMIÑOS SON A PAISAXE

- 1 | OUTUBRO - SÁBADO, 18**
OS BIDUEIRAS DA FONSAGRADA. LIÑARES.
A Fonsagrada.
- 2 | NOVEMBRO - SÁBADO, 15**
A COR OURO DE SOUTOS E VIÑAS NA SAZÓN DO
OUTONO: PENA CORNEIRA E AVIÓN. O Ribeiro
- 3 | DECEMBRO - SÁBADO, 13**
DE CASTELOS E LAGOAS QUE XUNGUEN A LENDA
COA PAISAXE: A RÍA E DONIÑOS. Ferrolterra.
- 4 | XANEIRO - SÁBADO, 17**
CORREDOIRAS PREHISTÓRICAS NAS TERRAS DO
EUME. O corredor ecolóxico das Neves e o Sesín de
caaveiro.
- 5 | FEBREIRO - SÁBADO, 14**
A PENA DOS TRES PÉS, A EIRA DAS GREAS E O
RÍO DA HERMIDA. O Forgoselo.
- 6 | MARZO - SÁBADO, 14**
OS MUÍÑOS DE SAMEIRA NO RÍO DA FREIRÍA.
O Salnés no Concello de Poio.
- 7 | ABRIL - SÁBADO, 18**
RÓTAS DE BUCANEIROS E CORSARIOS ENTRE
MONTEFERRO E A RAMALLOSA. Na Costa do sol
das Rías Baixas: prala América e Panxón.
- 8 | MAIO - SÁBADO, 16**
"EU SOÑEI VER NO CUME DO PINDO..."
Ézaro, Xallas, Sanamede, Caldebarcos, Carnota... o
que se ve.
- 9 | XUÑO - SÁBADO, 13**
O RÍO MIÑO NA RAIA GALEGO-PORTUGUESA.
Terras de Salvaterra e Tul.

